

c) Aprobación polo ministro de Fomento do prego de cláusulas administrativas particulares para a execución das obras e a explotación do servizo, con sinalamento expreso dos prazos de iniciación e terminación das obras e dos efectos do seu incumprimento, así como do prazo da concesión, canon que hai que satisfacer e garantías técnicas e económicas que deberán presenta-los concursantes.

d) Resolución polo Ministerio de Fomento do expediente de contratación, de conformidade co establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas.»

#### Artigo 11. *Planificación en materia de estacións de servizo.*

1. O Goberno, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, procederá á aprobación de criterios xerais para a determinación do número mínimo de instalacións de subministración de produtos petrolíferos polo miúdo en función da densidade, distribución e características da poboación, da densidade de circulación de vehículos, así como daqueles outros parámetros que se estimen precisos.

Así mesmo, poderanse aprobar criterios particulares para aquelas zonas do territorio que os requiran en atención ás súas características específicas de poboación, circulación de vehículos ou grao de desenvolvemento do mercado de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.

Unha vez aprobados estes criterios, que se elaborarán coa participación das comunidades autónomas, serán presentados ó Congreso dos Deputados.

2. No prazo de dous meses desde a aprobación dos criterios a que se refire o punto 1 deste artigo, por parte das entidades locais no ámbito territorial das cales aqueles non se cumpran e, se é o caso, por parte das Comunidades Autónomas nas que estean situadas, procederase, no ámbito das súas respectivas competencias, a adapta-los instrumentos de ordenación do territorio e a efectua-las actuacións que resulten necesarias para facer posible o seu cumprimento, cualificando adecuadamente os terreos e establecendo as reservas de solo necesarias para a localización das novas instalacións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ó disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**19853** *LEI 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos Servizos de Saúde.* («BOE» 239, do 6-10-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asistencia sanitaria que se presta a través dos diferentes Servizos de Saúde das comunidades autónomas con competencias na materia e do Instituto Nacional da Saúde nas comunidades que non recibiron as correspondentes transferencias, constitúe un dos máis importantes servizos públicos do noso país, no que se emprega un elevado volume de recursos con cargo ós impostos estatais. Estes servizos, polo seu carácter asistencial, son intensivos en persoal, e aínda cando no conxunto do Sistema Nacional de Saúde conviven distintos vínculos laborais, a gran maioría dos traballadores teñen a condición de persoal estatutario.

O réxime xurídico do persoal estatutario ten como base tres estatutos profesionais diferentes (para o persoal facultativo; sanitario non facultativo e non sanitario) adoptados en 1966, 1973 e 1971, respectivamente, no marco institucional da Seguridade Social. Os sucesivos cambios do sistema sanitario desde esas datas supuxeron, inevitablemente, a modificación de múltiples aspectos destes estatutos, para os que a Lei xeral de sanidade, do 14 de abril de 1986, preveu a súa integración nun estatuto-marco, básico para tódalas profesións, no que se conterían as normas comúns, entre outras, en materia de selección e provisión de postos de traballo, garantindo a estabilidade no emprego e a categoría profesional.

A ausencia deste estatuto-marco, xustificada por diversas razóns, non impediu que o Estado fose adoptando diversas disposicións básicas sobre o réxime estatutario. Polo que se refire á selección e provisión de prazas, as últimas e máis importantes son as contidas no punto catro do artigo 34 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, e, no seu desenvolvemento, no Real decreto 118/1991, do 25 de xaneiro, sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social.

A interposición contra esta norma regulamentaria de diversos recursos contencioso-administrativos que suscitaban, pola súa vez, cuestión de inconstitucionalidade respecto do artigo 34.catro da citada Lei de orzamentos para 1990 —pola falta de adecuación desta lei para regular tales temas— levou ós pronunciamentos sucesivos do Tribunal Constitucional e do Supremo, os cales, en sentencias do 15 de outubro e do 1 de decembro de 1998, resolveron a inconstitucionalidade do dito artigo 34.catro e, en consecuencia, a falta de apoio legal e invalidez formal do Real decreto 118/1991.

Ante estas decisións xudiciais, o Goberno, para evita-la paralización das numerosas convocatorias amparadas en tales normas, aprobou o Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, co que se pretendía dar cobertura transitoria a estes procesos selectivos reproducindo, na súa práctica totalidade, o contido do punto catro do artigo 34 da Lei 4/1990 e o articulado do Real decreto 118/1991, ambos anulados. Este real decreto lei foi validado polo pleno do Congreso dos Deputados, do 9

de febreiro pasado, acordándose simultaneamente a súa tramitación como lei ordinaria.

A presente lei é, polo tanto, consecuencia indirecta daqueles pronunciamentos xudiciais, e ten como obxecto, por riba das circunstancias excepcionais que xustificaron o Real decreto lei 1/1999, senta-las bases permanentes en materia de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos Servicios de Saúde. A aprobación desta lei, non obstante estes antecedentes, non pode ser allea ó obxectivo de conseguir, nun futuro, un estatuto marco que comprenda a normativa básica aplicable ó persoal estatutario dos Servicios de Saúde, incluídos tódolos ámbitos básicos do seu réxime xurídico, entre outros, a selección e provisión de prazas. É por iso polo que a presente lei, por razóns conxunturais, vén anticipar —e así se recolle no seu artigo primeiro— unha parte esencial do marco estatutario do persoal estatutario, que lle corresponde establecer ó Estado, de acordo co previsto nos números 16 e 18 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

Con este obxectivo a presente lei, á hora de substituí-lo Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, pretende servir, oportuna e coherentemente, ás recomendacións do dictame da Subcomisión parlamentaria para a Consolidación e Modernización do Sistema Nacional de Saúde, aprobado polo Congreso dos Deputados no pleno do 18 de decembro de 1997. Neste dictame apóstatase, en materia de recursos humanos, pola necesaria aprobación do estatuto marco —pendente desde a Lei xeral de sanidade— como elemento dinamizador en materia de persoal, no que se habrá de encontrar-lo equilibrio adecuado entre a autonomía e a flexibilidade que esixe a modernización da xestión e a garantía dos dereitos dos profesionais.

A presente lei inscríbese nese marco e inspírase neses principios de flexibilidade, autonomía e garantía —que fai seus o dictame da Subcomisión— recollendo nela as normas básicas en materia de selección e provisión de prazas, tanto de persoal fixo coma temporal. Para tal efecto, a nova lei —básica na súa integridade— ordénase en doce artigos, divididos en catro capítulos, quince disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras, modificando, en profundidade, a sistemática e contidos do Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, ó que substitúe e derroga expresamente.

O obxectivo final desta lei é facer compatible a modernización da xestión —mediante unha crecente autonomía dos servicios e institucións sanitarias— co mantemento da unidade de réxime xurídico e a liberdade de circulación dos profesionais no Sistema Nacional de Saúde —mediante o establecemento dunhas condicións comúns de acceso e de mobilidade—. Ademais, entre os aspectos máis destacables respecto ó Real decreto lei 1/1999 que lle sirve de precedente, a presente lei consagra os principios de planificación e periodificación das convocatorias, co obxecto de impedir no futuro o alto nivel de interinidade que, por diversas circunstancias, padecen na actualidade as nosas institucións. De acordo con esta orientación, a lei recolle expresamente, en consonancia coas previsións da Lei xeral de sanidade, o dereito á estabilidade no emprego e o carácter excepcional do emprego temporal no sector.

Así mesmo, a lei reflicte un amplo compromiso coa participación dos profesionais en tódolos ámbitos propios desta norma. Manifestación expresa deste compromiso —ademais das múltiples referencias no articulado— é a creación, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, dunha comisión, con presenza das organizacións sindicais máis representativas, para fixar recomendacións en relación coa estrutura e o contido dos baremos aplicables ós concursos como no

desenvolvemento das competencias que en política de persoal corresponden ó Consello Interterritorial.

O contido básico da lei require o posterior desenvolvemento legal e regulamentario destas materias. A lei empra o Estado e as comunidades autónomas, nos seus ámbitos respectivos, para este desenvolvemento, poñendo énfase na necesidade de que nel se atendan especialmente as peculiaridades das profesións sanitarias, núcleo esencial do emprego sanitario no noso país. Mención específica merece na lei a necesaria regulación das peculiaridades do réxime do persoal médico, que non recolle esta norma —polo seu carácter de básica para tódalas profesións— e que debe quedar para o desenvolvemento posterior desta.

A entrada en vigor, de modo inmediato, da presente lei e o necesario período de elaboración e aprobación da súa normativa de desenvolvemento non debe supoñer ningunha diminución na constante dinámica de selección e provisión de prazas nas institucións públicas. Por iso esta lei incorpora unha previsión singular no seu réxime transitorio e derogatorio, en virtude da cal a expresa e plena derogación do Real decreto lei 1/1999 —ó que substitúe esta lei— non suporá a desaparición total deste no mundo xurídico, xa que se mantén a súa vixencia, con rango regulamentario, mentres se ultimen as disposicións de aplicación da lei que deben adoptar, no seu día, as diferentes administracións sanitarias.

## CAPÍTULO I

### Obxecto, ámbito e principios xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten como obxecto regula-la selección e provisión de prazas do persoal estatutario dos Servicios de Saúde.

2. Esta lei apróbase de acordo co previsto no artigo 149.1, 16.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución, polo que as súas normas forman parte da coordinación xeral sanitaria e son bases do marco estatutario regulador do persoal incluído no seu ámbito de aplicación.

3. O Estado e as comunidades autónomas aprobarán, no ámbito das súas respectivas competencias e tomando en consideración as peculiaridades do exercicio das profesións sanitarias, especialmente as propias do persoal facultativo, as normas relativas á selección e provisión de prazas do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde e dos Servicios de Saúde das comunidades autónomas dentro do marco estatutario básico establecido nesta lei.

4. Así mesmo, as leis de organización dos Servicios de Saúde poderán adoptar-la opción de aplicación do réxime previsto nesta lei ás estruturas de administración e xestión do Servizo de Saúde respectivo.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei é de aplicación ó persoal estatutario dos Servicios de Saúde das comunidades autónomas e do Instituto Nacional da Saúde, con independencia do modelo de xestión de cada centro ou institución sanitaria.

#### Artigo 3. *Principios e criterios xerais.*

A selección e provisión de prazas do persoal estatutario dos Servicios de Saúde réxese polos seguintes principios e criterios xerais:

a) Sometemento pleno á lei e ó dereito de tódalas actuacións nos procesos selectivos e de provisión de prazas.

b) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso á condición de persoal estatutario e estabilidade no mantemento desta condición.

c) Libre circulación do persoal estatutario no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

d) Eficacia, imparcialidade e axilidade na actuación dos tribunais e demais órganos responsables da selección e provisión de prazas.

e) Planificación eficiente das necesidades de recursos e programación periódica das convocatorias.

f) Coordinación, cooperación e mutua información entre as distintas administracións sanitarias públicas e os Servicios de Saúde.

g) Participación das organizacións sindicais presentes nas mesas legalmente establecidas, a través da negociación no desenvolvemento do previsto nesta lei e, especialmente, na determinación das condicións e procedementos de selección, promoción interna e mobilidade, do número de prazas convocadas e da periodicidade das convocatorias.

h) Adecuación dos procedementos de selección, dos seus contidos e probas ás funcións que se van desenvolver nas correspondentes prazas, incluíndo a valoración do coñecemento da lingua oficial distinta do castelán nas respectivas comunidades autónomas.

## CAPÍTULO II

### Selección do persoal

#### Artigo 4. *Convocatorias e requisitos de participación.*

1. A selección do persoal estatutario fixo efectuarase, con carácter periódico, no ámbito que en cada Servicio de Saúde se determine, a través de convocatoria pública e mediante procedementos que garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. As convocatorias anunciaranse no boletín ou diario oficial da correspondente Administración pública.

2. As convocatorias e as súas bases vinculan a Administración, os tribunais encargados de xulgarlas probas e os que participen nelas.

As convocatorias e as súas bases, unha vez publicadas, soamente poderán ser modificadas con suxeición estricta ás normas da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As convocatorias deberán identifica-las prazas convocadas indicando, polo menos, o seu número e características, e especificarán as condicións e requisitos que deben reuni-los aspirantes, o prazo de presentación de solicitudes, o contido das probas de selección, os baremos e programas aplicables a elas e o sistema de cualificación.

4. Para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo será necesario reuni-los seguintes requisitos:

a) Posuí-la nacionalidade española ou a dun estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo, ou te-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme o Tratado da Comunidade Europea.

b) Estar en posesión da titulación esixida na convocatoria ou en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.

c) Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente nomeamento.

d) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Servicio de Saúde ou

Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, se é o caso, para a correspondente profesión.

f) No caso dos nacionais doutros estados mencionados no parágrafo a), non estar inhabilitado, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun estado membro, ni ter sido separado, por sanción disciplinaria, dalgunha das súas administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

5. Nas convocatorias para a selección de persoal estatutario reservarase unha cota non inferior ó 3 por 100 das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ó 33 por 100, de modo que progresivamente se alcance o 2 por 100 dos efectivos totais de cada Servicio de Saúde, sempre que superen as probas selectivas e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

#### Artigo 5. *Probas selectivas.*

1. A selección do persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral a través do sistema de concurso-oposición.

A selección poderá realizarse a través do sistema de oposición cando así resulte máis adecuado en función das características socioprofesionais do colectivo que poida acceder ás probas ou das funcións que se van desenvolver.

Cando as peculiaridades das tarefas específicas que se van desenvolver e o nivel de cualificación requirida así o aconsellen, a selección poderá realizarse polo sistema de concurso.

2. A oposición consiste na realización dunha ou máis probas dirixidas a avalía-la competencia, aptitude e idoneidade dos aspirantes para o desempeño das correspondentes funcións, así como a establece-la súa orde de prelación.

A convocatoria poderá establecer criterios ou puntuacións para supera-la oposición ou cada un dos seus exercicios.

3. O concurso consiste na avaliación da competencia, aptitude e idoneidade dos aspirantes para o desempeño das correspondentes funcións a través da valoración de acordo co baremo dos aspectos máis significativos dos correspondentes currículos, así como a establece-la súa orde de prelación.

A convocatoria poderá establecer criterios ou puntuacións para supera-lo concurso ou algunha das súas fases.

4. Os baremos de méritos nas probas selectivas para o acceso a nomeamentos de persoal facultativo e diplomado sanitario valorarán, como mínimo, o expediente académico do interesado, a formación especializada de posgrao, a formación continuada acreditada, a experiencia profesional en centros sanitarios públicos e as actividades científicas, docentes e de investigación. Tales criterios serán adaptados ás funcións concretas que se van desenvolver no caso de probas selectivas para o acceso ó resto dos nomeamentos de persoal estatutario.

5. Con carácter extraordinario, cando se trate dunha convocatoria para o acceso a unha praza determinada e se as características da función que se vai desenvolver nesa praza así o aconsellan, o concurso consistirá na valoración do currículo profesional, docente, discente e investigador dos aspirantes, valoración que realizará o



tribunal trala súa exposición e defensa pública polos interesados.

6. O concurso-oposición consistirá na realización sucesiva, e na orde que a convocatoria determine, dos dous sistemas anteriores.

7. Se así se determina na convocatoria, os aspirantes seleccionados deberán realizar un período de formación, ou de prácticas, dun máximo de tres meses antes de obter nomeamento como persoal estatutario fixo. Durante este período, que non será aplicable ás prazas para as que se esixa título académico ou profesional específico, os interesados deberán superar as avaliacións que se determinen na convocatoria e terán a condición de aspirantes en prácticas, cos dereitos económicos que se determinen no ámbito de cada Servicio de Saúde e que, como mínimo, consistirán nas retribucións básicas do grupo no que se aspira ingresar.

8. No ámbito de cada Servicio de Saúde regularase a composición e funcionamento dos órganos de selección, que serán de natureza colexiada e actuarán de acordo con criterios de obxectividade e imparcialidade. Os seus membros deberán ter a condición de persoal fixo das administracións públicas, dos Servicios de Saúde ou dos centros concertados ou vinculados ó Sistema Nacional de Saúde, e posuír titulación do nivel académico igual ou superior á esixida para o ingreso. Seralles de aplicación o disposto na normativa reguladora dos órganos colexiados e da abstención e recusación dos seus membros.

#### Artigo 6. *Nomeamentos.*

1. Os nomeamentos como persoal estatutario fixo serán expedidos en favor dos aspirantes que obteñan maior puntuación no conxunto das probas.

2. No nomeamento indicárase expresamente o ámbito ó que corresponde, conforme o previsto na convocatoria e nas disposicións aplicables en cada Servicio de Saúde.

3. Unha vez obtido un nomeamento como persoal estatutario fixo, o interesado manterase en situación de activo cando preste servicios como tal persoal estatutario en calquera dos centros ou institucións do Sistema Nacional de Saúde, con independencia do Servicio de Saúde no que, en orixe, ingresou.

#### Artigo 7. *Selección de persoal temporal.*

1. Por razóns de necesidade, de urxencia ou para o desenvolvemento de programas de carácter temporal, conxuntural ou extraordinario, os Servicios de Saúde poderán nomear persoal estatutario temporal.

A selección do persoal estatutario temporal efectuarase a través de procedementos que permitan a máxima axilidade na selección, procedementos que se basearán nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e que serán establecidos logo de negociación nas mesas correspondentes.

En todo caso, o persoal estatutario temporal deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 4.4.

2. O persoal estatutario temporal poderá estar suxeito a un período de proba, durante o que será posible a resolución da relación estatutaria por instancia de calquera das partes.

O período de proba non poderá superar os seis meses de traballo efectivo no caso de persoal clasificado no grupo A, os tres meses para o persoal do grupo B, e os dous meses para o persoal dos restantes grupos. En ningún caso o período de proba poderá exceder da metade da duración do nomeamento, se esta está precisada nel. Estará exento do período de proba quen xa o superase con ocasión dun anterior nomeamento temporal

para a realización das mesmas funcións no mesmo Servicio de Saúde.

3. Os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser de interinidade, de carácter eventual ou de substitución.

4. O nomeamento de carácter interino expedirase para o desempeño dunha praza vacante dos centros ou Servicios de Saúde, cando sexa necesario atender as correspondentes funcións.

Acordarase o cesamento do interino cando se incorpore persoal estatutario fixo á praza que desempeñe, así como cando esa praza resulte amortizada.

5. O nomeamento de carácter eventual expedirase nos seguintes supostos:

a) Cando se trate da prestación de servicios determinados de natureza temporal, conxuntural ou extraordinaria.

b) Cando sexa necesario para a cobertura da atención continuada.

Acordarase o cesamento do eventual cando se produza a causa ou venza o prazo que expresamente se determine no seu nomeamento, así como cando se supriman as funcións que no seu día o motivaron.

6. O nomeamento de substitución expedirase cando resulte necesario atender as funcións de persoal estatutario, fixo, interino ou eventual, durante os períodos de vacacións, permisos e demais ausencias de carácter temporal.

Acordarase o cesamento do substituto cando se reincorpore a persoa á que substitúa, así como cando esta perda o seu dereito á reincorporación á mesma praza ou función.

### CAPÍTULO III

#### Promoción interna

#### Artigo 8. *Promoción interna.*

1. O persoal estatutario fixo poderá acceder, mediante promoción interna e dentro do seu Servicio de Saúde de destino, a nomeamentos correspondentes a calquera dos grupos de clasificación superiores, sexa inmediato ou non, ou a diferentes nomeamentos do mesmo grupo.

2. Os procesos selectivos para a promoción interna efectuaranse mediante convocatoria pública a través dos sistemas de selección establecidos nesta lei que garantirán o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Os procedementos para a promoción interna desenvolveranse a través de convocatorias específicas se así o aconsellan razóns de planificación ou de eficacia na xestión.

3. Para participar nos procesos selectivos para a promoción interna será requisito ter a titulación requirida e ter prestado servicios como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos no grupo de procedencia.

4. No caso do persoal non sanitario, non se esixirá o requisito de titulación para o acceso polo sistema de promoción interna ós grupos C e D a quen prestase servicios como persoal estatutario fixo no grupo inmediatamente inferior durante máis de cinco anos, agás que sexa esixible unha titulación, acreditación ou habilitación profesional específica para o desempeño das novas funcións.

5. Os que accedan a outro nomeamento pola quenda de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para a elección de praza na correspondente convocatoria sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.

### Artigo 9. *Promoción interna temporal.*

Por necesidades do servizo e con carácter voluntario, o persoal estatutario poderá desempeñar funcións correspondentes a un nomeamento de grupo igual ou superior, con dereito a reserva de praza, sempre que reúna os requisitos previstos nos números 3 ou 4 do artigo anterior. Durante o tempo que permaneza nesta situación o interesado manterase en servizo activo e percibirá, con excepción dos trienios, as retribucións correspondentes ás funcións desempeñadas, o exercicio das cales non suporá consolidación de ningún dereito a tales retribucións nin á obtención dun novo nomeamento, sen prexuízo da súa posible consideración como mérito nos sistemas de promoción interna previstos no artigo anterior.

## CAPÍTULO IV

### Provisión de prazas

#### Artigo 10. *Criterios xerais.*

1. A provisión de prazas do persoal estatutario será realizada polos sistemas de selección de persoal, de promoción interna e de mobilidade previstos nesta lei, así como por reingreso ó servizo activo nos supostos e mediante o procedemento que en cada Servizo de Saúde se establezan.

2. En cada Servizo de Saúde determinaranse os postos directivos e de xefatura de unidade que poidan ser provistos mediante libre designación logo de convocatoria pública, así como os que se proverán mediante nomeamento temporal logo de concurso de méritos.

3. Os supostos e procedementos para a provisión de prazas que estean motivados ou se deriven de reordenacións funcionais, organizativas ou asistenciais, estableceranse en cada Servizo de Saúde logo de negociación na correspondente mesa sectorial.

#### Artigo 11. *Traslados.*

1. Os procedementos de mobilidade voluntaria, que se efectuarán con carácter periódico en cada Servizo de Saúde, estarán abertos á participación do persoal estatutario fixo da mesma categoría e especialización, así como, se é o caso, da mesma modalidade, de tódolos Servizos de Saúde. Resolveranse mediante o sistema de concurso, logo de convocatoria pública e de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. O Ministerio de Sanidade e Consumo, logo do informe do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, procederá á homologación, en canto resulte necesario para articular a mobilidade entre os diferentes Servizos de Saúde, das distintas clases ou categorías funcionais de persoal estatutario.

3. Cando nun procedemento de mobilidade se derive cambio no Servizo de Saúde de destino, o prazo de toma de posesión será dun mes contado desde o día do cesamento no destino anterior, que deberá ter lugar nos tres días seguintes ó da notificación ou publicación do novo destino adxudicado.

4. Os destinos obtidos mediante sistemas de mobilidade voluntaria son irrenunciabes, agás que esta renuncia estea motivada pola obtención de praza en virtude da resolución dun procedemento de mobilidade voluntaria convocado por outra Administración pública.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario, e será declarado nesta situación polo Servizo de Saúde que efectuou a convocatoria, quen non se incorpore ó destino obtido nun procedemento de mobilidade voluntaria dentro dos

prazos establecidos ou das súas prórrogas que legal ou regulamentariamente procedan.

Non obstante, se existen causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, logo de audiencia do interesado, polo Servizo de Saúde que efectuou a convocatoria, poderá deixarse sen efecto esta situación. En tal caso o interesado deberá incorporarse ó seu novo destino tan pronto desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

#### Artigo 12. *Reingreso ó servizo activo.*

1. Con carácter xeral, o reingreso ó servizo activo será posible en calquera Servizo de Saúde a través dos procedementos de mobilidade voluntaria a que se refire o artigo 11 desta lei.

2. O reingreso ó servizo activo tamén procederá no Servizo de Saúde de procedencia do interesado, con ocasión de vacante e carácter provisional, no ámbito territorial que en cada Servizo de Saúde se determine. A praza desempeñada con carácter provisional será incluída na primeira convocatoria para a mobilidade voluntaria que se efectúe.

3. Cando as circunstancias que concorran así o aconsellen, o Servizo de Saúde ou centro de destino poderá facilitarlle ó profesional reincorporado ó servizo activo a realización dun programa específico de formación complementaria ou de actualización dos coñecementos, técnicas, habilidades e aptitudes necesarias para exercer adecuadamente a súa profesión ou desenvolver as actividades e funcións derivadas do seu nomeamento. O seguimento deste programa non afectará á situación nin ós dereitos económicos do interesado.

#### Disposición adicional primeira. *Aplicación desta lei na Comunidade Foral de Navarra.*

A presente lei aplicarase na Comunidade Foral de Navarra nos termos establecidos no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup>, e na disposición adicional primeira da Constitución e na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

#### Disposición adicional segunda. *Convocatorias conxuntas.*

Logo do acordo entre distintas administracións públicas, adoptado, se é o caso, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, poderán efectuarse convocatorias conxuntas ou coordinadas para a selección de persoal ou provisión de prazas dos Servizos de Saúde dependentes delas.

#### Disposición adicional terceira. *Coordinación de baremos.*

O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de poderá emitir recomendacións en relación coa estrutura e o contido dos baremos de méritos aplicables ós concursos previstos nos artigos 5 e 11 desta lei.

Para a realización destas funcións e do resto das que en materia de coordinación das políticas de persoal lle asigna a Lei xeral de sanidade, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde estará asistido por unha comisión integrada por representantes do Ministerio de Sanidade e Consumo, dos Servizos de Saúde e das organizacións sindicais máis representativas no ámbito sanitario.

Disposición adicional cuarta. *Creación e modificación de categorías.*

A creación, supresión ou modificación de categorías poderase efectuar, en cada Administración pública, mediante a norma que en cada caso proceda, adoptada logo de negociación na correspondente mesa sectorial.

De igual forma, poderá acordarse a integración do persoal fixo de categorías que se declaren a extinguir noutras categorías do mesmo grupo, sempre que o interesado posúa a titulación necesaria. No caso de persoal non sanitario, a integración poderá efectuarse en categorías do grupo inmediatamente superior, sempre que o interesado posúa a titulación ou reúna os requisitos previstos no artigo 8.4.

No ámbito do Instituto Nacional da Saúde o exercicio destas competencias corresponderalle ó Goberno, mediante real decreto.

Disposición adicional quinta. *Acceso a outra categoría por persoal estatutario fixo.*

Cando o persoal estatutario fixo dunha determina categoría obteña, logo de supera-las probas selectivas, nomeamento en propiedade noutra categoría estatutaria, poderá optar no momento de tomar posesión da nova praza, por pasar á situación de excedencia voluntaria por prestación de servicios no sector público nunha delas. Na falta de opción expresa, entenderase que se solicita esta excedencia voluntaria na categoría de orixe.

Disposición adicional sexta. *Integracións de persoal.*

Co obxecto de homoxeneiza-las relacións de emprego do persoal de cada un dos centros, institucións ou Servicios de Saúde, e co fin de mellora-la eficacia na xestión, as administracións sanitarias públicas poderán establecer procedementos para a integración directa na condición de persoal estatutario dos que presten servicio en tales centros, institucións ou servicios coa condición de funcionario de carreira ou en virtude de contrato laboral fixo.

Así mesmo, poderanse establecer procedementos para a integración directa do persoal laboral temporal na condición de persoal estatutario temporal, na modalidade que corresponda de acordo coa duración do contrato de orixe.

Disposición adicional sétima. *Impugnación de convocatorias.*

As convocatorias dos procedementos de selección, de provisión de prazas e de mobilidade a que se refire esta lei, así como as súas bases, a actuación dos tribunais e cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos con carácter xeral nas normas reguladoras do procedemento administrativo e da xurisdicción contencioso-administrativa.

Disposición adicional oitava. *Habilitacións para o exercicio profesional.*

O previsto no artigo 4.4.b) desta lei non afectará os dereitos dos que, sen posuíren correspondente título académico, estean legal ou regulamentariamente autorizados ou habilitados para o exercicio dunha concreta profesión, que poderán acceder ós nomeamentos correspondentes a ela e se integrarán no grupo de clasificación que lle corresponda a tal nomeamento.

Disposición adicional novena. *Entidades xestoras.*

Sempre que esta lei fai mención ós Servicios de Saúde, considerarase, así mesmo, referida ó Instituto Nacional da Saúde, en canto culmine o proceso de transferencias a que se refire a disposición transitoria terceira. 1 da Lei xeral de sanidade ou, se é o caso, ás entidades xestoras das institucións sanitarias públicas cando o Servicio de Saúde da Comunidade Autónoma non sexa titular directo da xestión destas institucións.

Disposición adicional décima. *Sistema de provisión de postos de carácter directivo.*

1. Os postos de carácter directivo das institucións sanitarias do Instituto Nacional da Saúde proveranse polo sistema de libre designación, conforme o previsto nos cadros de persoal correspondentes.

2. As convocatorias para a provisión de tales postos publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», e nelas poderán participar tanto o persoal estatutario como os funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e das leis de función pública das comunidades autónomas, sempre que reúnan os requisitos esixibles en cada caso.

3. Cando sexan nomeados funcionarios públicos para tales postos, manteranse na situación de servicio activo nos seus corpos de orixe, sen prexuízo de que lles sexan de aplicación as normas sobre persoal das institucións sanitarias e o réxime retributivo establecido para o posto de traballo desempeñado.

4. A provisión dos órganos de dirección dos centros, servicios e establecementos sanitarios poderá efectuarse tamén conforme o réxime laboral especial de alta dirección, regulado no Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto.

Enténdese por órganos de dirección, para os efectos previstos no parágrafo anterior, os directores xerentes dos centros de gasto de atención especializada e atención primaria, así como os subxerentes e os directores e subdirectores de división.

5. Os postos convocados conforme o establecido nos puntos anteriores poderán ser declarados desertos, por acordo motivado, cando non concorran solicitantes idóneos para o seu desempeño.

6. O persoal nomeado para o desempeño dun posto de traballo por libre designación poderá ser relevado discrecionalmente pola autoridade que acordou o seu nomeamento.

Disposición adicional décima primeira. *Provisión de postos de xefe de servicio e de sección de carácter asistencial no Instituto Nacional da Saúde.*

Os postos de xefes de servicio e de sección de carácter asistencial nas unidades de asistencia especializada no Instituto Nacional da Saúde proveranse mediante convocatoria pública, na que poderán participar tódolos facultativos con nomeamento como persoal estatutario fixo que teñan praza nas institucións sanitarias da Seguridade Social, mediante un proceso de selección baseado na avaliación do currículo profesional dos aspirantes e nun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade asistencial.

Os aspirantes seleccionados obterán un nomeamento temporal para o posto, que estará suxeito a avaliacións cuatrienais para efectos da súa continuidade no posto.

O Goberno desenvolverá, mediante real decreto, as normas contidas nesta disposición, determinando os requisitos esixibles para participar nos procesos de provisión deste tipo de postos, a composición dos tribunais



que os vaian xulgar, así como os criterios de valoración do currículo profesional e do proxecto técnico. Regularase, así mesmo, o sistema de avaliación, a composición das comisións avaliadoras e os criterios para levar a cabo tal avaliación unha vez concluído cada período de catro anos, atendendo ós principios de mérito e capacidade.

Disposición adicional décimo segunda. *Xefes de departamento, de servizo e de sección.*

O persoal estatutario fixo que teña a categoría de xefe de departamento, de servizo ou de sección por ter accedido directamente a ela con anterioridade á entrada en vigor da orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 5 de febreiro de 1985, poderá concorrer ós procedementos de mobilidade voluntaria previstos nesta lei nos que se ofrezan prazas para facultativos especialistas da correspondente especialidade.

De obtengan praza en tales procedementos obterán nomeamento como facultativo especialista, perdendo definitivamente a categoría orixinaria.

Disposición adicional décimo terceira. *Inclusión no estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social.*

Quedan incorporadas ó estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social tódalas prazas correspondentes ás especialidades sanitarias legalmente recoñecidas para licenciados universitarios, con independencia da licenciatura requirida para a obtención do correspondente título. O persoal que desempeñe esas prazas aplicaráselle o citado estatuto.

Disposición adicional décimo cuarta. *Prazas vinculadas.*

As prazas vinculadas a que se refire o artigo 105 da Lei xeral de sanidade proveranse polos sistemas establecidos nas normas específicas que resulten de aplicación, sen prexuízo de que os seus titulares poidan acceder ós postos de carácter directivo e de xefatura de unidade nas distintas institucións sanitarias polos procedementos regulados nesta lei.

Disposición adicional décimo quinta. *Relacións do réxime estatutario con outros réximes do persoal das administracións públicas.*

No ámbito de cada Administración sanitaria pública, e co fin de conseguir unha mellor utilización dos recursos humanos existentes, poderanse establecer os supostos, efectos e condicións nos que o persoal estatutario dos Servizos de Saúde poida prestar indistintamente servizos nos ámbitos de aplicación doutros réximes de persoal do sector público.

Disposición transitoria única. *Convocatorias en tramitación.*

1. Sen prexuízo do previsto na disposición derogatoria única.1 desta lei, os procedementos de selección de persoal estatutario e de provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social amparados no Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, tramitaranse de acordo co establecido nesa norma.

2. As convocatorias realizadas conforme o previsto nas disposicións transitorias primeira e segunda do Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, axustaranse ó establecido nesas disposicións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

1. A presente lei substitúe e derroga o Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social. Iso non obstante, e sen prexuízo da aplicación directa das previsións desta lei, os preceptos derogados do dito real decreto lei manterán temporalmente a súa vixencia con rango regulamentario ata que entren en vigor as normas de desenvolvemento desta lei previstas no artigo 1.3.

2. Queda derogado o artigo 2.b) do Estatuto de persoal non sanitario ó servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social, aprobado por orde do Ministerio de Traballo do 5 de xullo de 1971.

3. Quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Estatuto marco.*

O Goberno presentará ás Cortes Xerais, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei, o estatuto marco do persoal do Sistema Nacional de Saúde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O Presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**20062** LEI 31/1999, do 8 de outubro, pola que se crea o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais. («BOE» 242, do 9-10-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, creado baixo a denominación de Colexio Oficial de Peritos de Montes polo Decreto 927/1965, do 8 de abril, tivo inicialmente a consideración de único en todo o territorio nacional. Posteriormente, ó abeiro das competencias das comunidades autónomas en materia de colexios profesionais, constituíronse, por segregación daquel, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Cataluña e o Colexio Galego de Enxeñeiros Técnicos Forestais; o primeiro foi creado polo Decreto 335/1996, do 29 de outubro, do Consello Executivo da Generalitat de Cataluña, e o segundo polo Decreto 250/1997, do 25 de agosto, da Xunta de Galicia.

A existencia deses dous colexios de ámbito autonómico, xunto co primitivo Colexio Oficial de Enxeñeiros